

FORMACIÓN DOS ADXECTIVOS COMPARATIVOS

Supoño que recordarás que antes do Nadal estivemos traballando cos COMPARATIVE ADJECTIVES, é dicir, cos adxectivos que nos serven para comparar dúas cousas ou persoas, ou dous grupos de cousas ou persoas. Por exemplo:



The car is **clean**.



The lorry is **dirty**.

Se comparamos o "car" co "lorry", temos as seguintes frases:

- The car is **cleaner** **than** the lorry.
- The lorry is **dirtier** **than** the car.

Recorda que había que engadir **-er** ao final do adxectivo e xa tiñamos a forma comparativa feita.

Dependendo de como era o adxectivo as veces modificase un pouco. Engado unha táboa para que recordes como se facía.

Comparatives: Short adjectives		
Short adjectives ...	Spelling rules	Examples
Usually	+ er	slow → slower fast → faster tall → taller
Ending in -e	+ r	large → larger nice → nicer
Some two-syllable adjectives ending in -y	-y → -i + er	hungry → hungrier happy → happier funny → funnier
Ending in a vowel + a consonant	double the consonant + er	big → bigger fat → fatter fit → fitter

Isto practicámolo na na libreta e tamén na UNIT 2. .

A continuación vouche a explicar o que traballamos nesta semana. Trátase dos SUPERLATIVE ADJECTIVES (adxectivos superlativos)

FORMACIÓN DOS ADXECTIVOS SUPERLATIVOS

Usamos os adxectivos superlativos para indicar que algo ou alguén sobresaí nalgún aspecto. É o equivalente en galego a "o máis alto", "a máis intelixente", etc.

Para construílos hai que engadir a terminación "-est" ao final do adxectivo e poñer o artigo "the" xusto antes do adxectivo. Por exemplo "the tallest" (o/a máis alto/a). Fíxate no debuxo.



Mira o debuxo de arriba e fíxate nestas frases:

- Anna is **taller than** Mike. ("Anna é máis alta que Mike". Aquí comparamos a 2 persoas)
- Pedro is **the tallest**. ("Pedro é o máis alto". Aquí decimos quen é o máis alto do grupo. Esta é a frase superlativa)

Máis exemplos de frases superlativas:

- Today is **the coldest** day of the week. (Hoxe é o día máis frío da semana)
- Dani is **the shortest** boy in the class. (Dani é o rapaz máis baixo da clase)
- I am **the happiest** person in my family. (Eu son a persoa máis feliz da miña familia)

Os adxectivos superlativos seguen as mesmas normas de escritura que os comparativos. A continuación tes unha táboa para que vexas como se constrúen.

Superlatives: Short adjectives

Short adjectives	Spelling rules	Examples
Usually	+ est	slow → the slowest fast → the fastest tall → the tallest
Ending in -e	+ st	large → the largest nice → the nicest
Ending in a consonant + y	-y → -i + est	hungry → the hungriest happy → the happiest funny → the funniest
Ending in a vowel + a consonant	double the consonant + est	big → the biggest fat → the fattest fit → the fittest

Engadín un vídeo que che pode axudar a aclarar o que acabo de explicar. Neste vídeo aparecen varios adxectivos que xa coñeces, pero por se acaso escribo o seu significado: **fast** (rápido), **small** (pequeno), **big** (grande), **hard** (duro), **hot** (caliente), **small** (pequeno), **cold** (frío), **tall** (alto), **heavy** (pesado). Tamén aparece **expensive** (caro) pero neste caso o adxectivo superlativo segue outras normas que imos estudar o próximo curso.

Did you like the video? Click YES NO